

## A LUZ DO NADAL

Cando se atopou fronte á súa nova casa, descubriu que era igualiña á do seu soño, encantáballe, era fermosa, grande...

Lúa e a súa familia empezaron a encher a casa cos mobles desexados para que fose máis comfortable.

Despois duns meses axetreados, en decembro, tiñan a súa casa lista e todavía máis fermosa.

Un día, Lúa foi coller un libro que os anteriores propietarios deixaran alí. Ó coller o conto abriuse unha porta misteriosa, que ninguén se decatara de que estaba alí, xa que era da mesma cor cá da parede.

Lúa sorprendeuse moito e non sabía se entrar ou non, pero finalmente camiñou. Nesa habitación o único que atopou foi unha estrela, parecía un adorno.

Chegou o Nadal e puxeron a estrela no alto da árbore. Dende entonces, endexamáis perderon o espírito de nadal.

Ainhoa Sousa Martínez. 1ºC.